

# OS CRUCEIROS DOS MUNICIPIOS DA CAPELA E CABANAS

**Juan J. Burgoa Fernández**  
Fundación Ferrol Metr poli

*Encima dos valados  
da fonda corredoira,  
al  donde a s a coira  
deixou pra sempre algu n;  
i-al  onde se xuntan  
en cruce alg ns sendeiros  
os sencillos cruceiros  
al  sempre se ven.*  
**Avelino G mez Ledo**

## A CARACTERIZACIÓN E CLASIFICACI N DOS CRUCEIROS

Pode calcularse entre 10.000 e 15.000 o n mero de cruceiros levantados nos 315 municipios galegos con case 4.000 parroquias, onde se reparte a poboaci n con distinto grao de intensidade ao longo de m is de 32.000 aldeas, barrios, lugares e entidades. O dito n mero de cruceiros distrib ese tam n dunha maneira moi irregular dentro do territorio, tanto urbano coma rural, amosando unha variada tipolox a constructiva e tendo diferente valor art stico e etnogr fico.

Os diversos factores de toda  ndole que converxen no cruceiro, a s a variada morfolox a e tipolox a, os diferentes valores de asentamento territorial e as abondosas causas de erecci n, fan que sexa sempre dif cil unha tarefa exacta e rigorosa de clasificaci n e caracterizaci n destas obras. Nunha primeira aproximaci n pode tratar de se abordarse o problema desde os seguintes puntos de vista:

a) Baixo a consideraci n da s a dataci n hist rica e a s a correspondente adscripci n a un estilo art stico de  poca, cuesti n dabondo complicada, polas propias peculiaridades destas obras de arte popular, a case xeral falta de datos contrastados e fiables sobre elas e os seus autores, as  como os sucesivos traslados, reconstrucci ns e reparaci ns que sufriron ao longo da s a existencia.

Deste xeito poderíase falar da existencia de cruceiros adscritos aos estilos gótico, plateresco, renacentista, barroco e neoclásico, pero sempre dentro das especiais características e condicionantes da arte popular, nas que o arcaísmo e a repetición de aspectos formais nas imaxes pode conducir a que sexan considerados dunha antigüidade maior da que realmente lle corresponde.

b) De acordo coas características formais constructivas, decorativas e iconográficas dos seus diferentes elementos, o que pode levar a unha serie de variadas tipoloxías repartidas por diferentes lugares da Comunidade.

Desde este punto de vista morfolóxico pódese considerar a existencia de cruceiros de dobre figuración na cruz, de imaxe única, cruceiros de desencravo, cruceiros de cruz sen imaxes, cruceiros de capela, cruceiros con peto de ánimas incorporado, calvarios ou conxuntos de tres cruceiros, cruceiros de Vía Crucis, cruces altas, etc.

Outra maneira de proceder á caracterización dos cruceiros é mediante a súa adxudicación ás diferentes tipoloxías manifestadas en diferentes comarcas e zonas localizadas de Galicia, nas que ten que ver tanto a tradicional influencia dos talleres familiares que desenvolven o seu traballo neses lugares coma a clásica repetición e copia de motivos que caracteriza ao canteiro galego.

c) Desde un punto de vista estrictamente topográfico ou de situación, os cruceiros poden aparecer erixidos nos seguintes lugares:

- Igrexas, adros e cemiterios, campos de festa anexos e no camiño aos mesmos.
- Ermidas e capelas rurais, sinalización dos seus camiños.
- Mosteiros e os seus claustros.
- Prazas de cidades, rúas de vilas e aldeas.
- Camiños rurais en xeral, de forma especial nas encrucilladas.
- Pazos e casas solarengas, á entrada ou en patios interiores.
- Pontes, no seu centro ou ao inicio das mesmas.
- Outros lugares non urbanos: montes, campos, corredoiras.
- Lugares senlleiros: castros, rochas e lugares de ritos litolátricos ou de antigos cultos precristiáns.
- Límites ou termos de freguesías, municipios ou outro tipo de xurisdiccións (entroncados coas coñecidas pedras signatas medievais)

Aos exemplares situados nos lugares anteriores, poderíanse engadir os cruceiros modernos levantados por motivacións case sempre de índole estética ou incluso de moda, desvirtuando normalmente a súa finalidade e alterando o seu contexto, e que ultimamente se veñen erixindo en prazas urbanas, patios de colexios, predios particulares e parques ou áreas recreativas, tratándose moitas veces de obras de pouco interese e de formas estereotipadas.

Ademais da compoñente material de índole constructiva e artística que presentan os cruceiros, debe terse en conta outra compoñente de índole relixiosa e etnográfica. Estas dúas últimas dimensións, que se presentan a miúdo mesturadas no mundo rural galego, son as que normalmente dan lugar ás causas de erección e polo tanto determinan tamén o lugar onde se levanta o cruceiro, orixinando outros dous novos argumentos para a súa caracterización.

d) Tendo en conta a causa ou motivo da súa erección, ademais de varios dos casos anteriores de c), nos que a súa situación xa leva implícita a causa da súa construción, pódense considerar os seguintes tipos de cruceiros:

-Cruceiros de **parada de procesións e enterros**; dotados dun altar ou mesa de ofrendas (a coñecida como mesa de pousadoiro).

-Cruceiros **penitenciais**; levantados como satisfacción dunha penitencia ou expiación dunha culpa.

-Cruceiros **devocionais e impetratorios**; en testemuño de devocións particulares ou rogando a concesión dalgunha gracia.

-Cruceiros de **acción de grazias**; agradecendo beneficios materiais ou favores de orde divina.

-Cruceiros **conmemorativos**; recordando a visita dunha autoridade eclesiástica ou facendo referencia a feitos históricos ou lendarios.

-Cruceiros **en memoria dunha morte**, cruces de mala morte ou camiñeiras; recordando un feito luctuoso ocorrido no propio lugar.

-Cruceiros de **encrucillada**; sacralizando os antigos trivios ou cruces de camiños, lugares con ancestrais resabios de superstición.

-Cruceiros de **rotas de peregrinación**; conductores de peregrinos, confortándoos espiritualmente e dándolles descanso material nos seus chanzos. Ás veces provistos de milladoiros, depósitos de pedras guindadas polos peregrinos.

-Cruceiros de **rotas de comercio**; erixidos a custa dos propios comerciantes, sinalando a ruta de arrieiros e camiñantes.

-Cruceiros de realización de **viacrucis ou misións, camiños sacramentais**; marcando as estacións penitenciais ou erixidos por motivacións pastorais.

-Cruceiros **con peto de ánimas**, podendo incluír unha alcancía para esmolos (peto de esmolos) e/ou mesa de ofrendas, cos seus ritos e tradicións unidas.

-Cruceiros de **fin de século**; serie de exemplares levantados con motivo do cambio do século XIX ao XX.

e) Por último, desde o punto de vista etnográfico, segundo a finalidade á que se destinan e tendo en conta as crenzas, os ritos relixiosos e/ou as prácticas pagás aos que se encontran vinculados, tense:

- prácticas devocionais e rezos, concesión de indulxencias.
- paradas de enterros para resposos, destino final de procesións parroquiais.
- enterramentos de nenos prematuros ou non bautizados.
- bautismos prenatais nas augas dun río e ritos derivados.
- culto aos mortos, devoción de ánimas ou presenza da Santa Compañía.
- prácticas ofertatorias de flores, froitas e froitos da terra, velas e exvotos.
- prácticas e ritos curativos; meigallo, mal de ollo, tangaraño ou raquitismo, incluso saúde de animais domésticos.



Neste campo do estudio da caracterización dos cruceiros son de gran interese os traballos de catalogación destas obras, onde se fai un resumo comparativo da distribución espacial e das características constructivas que presentan os exemplares da zona catalogada, como é o caso dos traballos como os de Martín Ruíz, Reimóndez Portela, Museo de Terra de Melide, Arribas Arias e Blanco Prado, Seminario de Estudios Terra de Viveiro e Burgoa Fernández, referencias que aparecen na bibliografía.

## CRUCEIROS DO MUNICIPIO DA CAPELA

Catro son os cruceiros que se erixen no municipio, situándose nos adros das igrexas parroquiais de Santiago da Capela e de Santa María de Cabalar e do santuario da Virxe das Neves, así como o lugar de Pedra Maior, próximo a este último templo.

O exemplar situado dentro do adro da igrexa de Santiago da Capela, lugar de Pazo, é unha obra de calidade e bo estilo, destacando polo seu interese entre as obras da zona. Atópase perfectamente coidado e álzase de maneira vistosa sobre unha ampla plataforma de tres chanzos de sillares encintados e un pedestal prismático de bo tamaño rematado con suave moldura de bocel.

A columna arranca de forma cadrada e segue axiña de sección oitavada lixeiramente adelgazada en altura, rematando de colariño circular. Enriba leva un amplo e ben tallado capitel de orde composta cun primeiro corpo decorado con amplas volutas.



A cruz de sección oitavada con remates de marcada flor azucena con botón central presenta á fronte unha imaxe naturalista de Cristo despegado do madeiro con mans pechadas e pernas flexionadas. Está vestido con amplo perizoma atado á esquerda, mostra ben marcadas as súas faccións e sobre a súa cabeza inclinada á dereita e coroada de espiñas leva un pergamiño vertical de INRI. A Virxe das Dores do anverso é de formas expresivas e aparece nunha postura frontal de mans entrelazadas. Tocada de manto e túnica de pregues está colocada sobre unha peaña xeométrica. Ambas imaxes presentan restos de policromía.

O cruceiro de Santa María de Cabalar está situado no campo fronte á igrexa parroquial, nunha localización visible e destacada. Acompáñase cunha ruda mesa de altar ou pousadoiro coa súa ara sobre dobre peaña colocada exenta á fronte. A plataforma de dous chanzos cadrados e un pedestal prismático de curta altura serven de soporte á acostumada columna coas súas arestas biseladas en punta de frecha e un sinxelo capitel cuadrangular con molduras de filete e de cuarto bocel.

A cruz de paos de cuadrangulares de suave oitavado e remate de semiesferas acolle dúas imaxes de corte popular e formas enxebres, ambas pegadas ao madeiro. Un Cristo de curta talla, labrado con detalle, cos seus brazos descolgados e mans abertas con grandes cravos, mostra unha cabeza grande con barba, bigote, longa melena e coroa de cordón baixo cartela de INRI, mentres que a Virxe aparece en actitude pía de mans xuntas, con formas hieráticas e frontais, colocada coa media lúa aos seu pés sobre unha peaña de anxo alado.

No campo-adro do santuario da Virxe das Neves álzase unha obra interesante, de gran robusteza, de certa calidade e de estilo propio da zona. A plataforma é dun chanzo cuadrangular e o pedestal prismático coas súas arestas altas molduradas de suave bocel. O fuste é da clásica forma oitavada con acusado rebaixe das arestas mentres que o capitel, sólido e de formas cadradas, está unido con grampas metálicas á columna e é de esquema xónico na súa variante galega, decorado con pouco resaltados querubíns alados e volutas pouco evolucionadas.

A cruz é moi sólida e de forma case grega, con paos curtos de sección cadrada. As imaxes son amplas e algo rústicas, con formas sinxelas e hieráticas, talladas, pegadas á cruz. A imaxe de Cristo aparece coroada baixo unha ampla e gastada cartela de INRI con cabeza ergueita, anatomía marcada, mans abertas e movido pano de pureza con amplo nó á dereita, mentres que a Virxe das Dores se viste cun gran manto de forma triangular e túnica de pregues verticais, estando colocada en actitude orante de mans xuntas directamente sobre o capital.

O cruceiro de Pedra Maior atópase situado nas proximidades do santuario das Neves, sendo unha obra colocada coroando unha rocha dun lugar considerado de antigos cultos. É un exemplar de pedra de granito de gran groso, talla e aspecto toscos, carecendo de plataforma e cun pedestal irregular reparado con formigón. Unha frontal e curta columna de sección circular lisa remátase con capitel grande, de forma cuadrangular con molduras rectas e boceladas. A cruz de remate é de talla ruda, sección octogonal e remates levemente florenzados, carecendo de imaxes.

## CRUCEIROS DO MUNICIPIO DE CABANAS

Neste municipio son así mesmo catro os cruzeiros que se levantan, situados nos adros das igrexas de San Andrés de Cabanas e Santa Cruz de Salto, e nos lugares do Areal e de Lavandeira.

O exemplar máis destacado do municipio, e incluso da comarca, é o cruzeiro de Cabanas ou do Areal situado no cruce da estrada xeral coa estrada á feira do Oito. Trátase dunha obra antiga, histórica e de mérito, tal vez anterior ao ano 1600. En orixe estivo colocado dentro da vella ponte medieval sobre o río Eume, onde se levantaba para protección de peregrinos e camiñante preto da desaparecida capela, sendo levado a principios deste século á súa actual localización fóra xa da ponte.


Álzase sobre unha plataforma de tres chanzos de forma octogonal de sillares rotos, gastados e actualmente encintados con cemento. Carece de pedestal facendo as súas veces un prisma de molduras toroidais con escocia intermedia, tallado a modo de base ática ao inicio da sólida columna. Esta columna é de forma oitavada por rebaixe das súas arestas e leva ao medio un adorno desgastado dunha flor de catro pétalos.

O conxunto carece de capitel facendo as súas veces un agrandamento ou ábaco con molduración recta na parte alta do fuste, rematando cunha robusta cruz de sección cadrada cunhas desgastadas rosetas nos seus extremos. Adórnase de dúas boas e erosionadas imaxes de época de Cristo de bo canon e pegado ao madeiro, longos brazos de mans semipechadas, cabeza caída á dereita cun halo ou aureola detrás, baixo cartela de INRI, e da Virxe representada como ¿Raíña dos Ceos?, vestida de manto e túnica, colocada en posición orante sobre unha peaña de anxo alado.


O cruzeiro atópase no momento de redactar estas liñas, xa desde hai varios anos, nun deplorable estado de abandono malia as denuncias efectuadas. Envolto por unha ruda e antiestética armazón de madeira, é unha mostra paradigmática do descoñecemento e ignorancia de moitos responsables culturais, neste caso os do municipio de Cabanas, teórico e inmerecido depositario histórico dunha obra de máis de 400 anos de antigüidade.

O cruzeiro de San Andrés está situado no decorado adro da igrexa parroquial de Cabanas. Trátase dunha obra sinxela e sen grandes pretensións alzándose sobre unha plataforma dun chanzo cadrado e un pequeno pedestal de forma cuadrangular e curta altura.

A columna ou varal é da clásica sección cadrada-ochavada-cadrada, con amplos e marcados biseis en punta de frecha mentres que o capitel é de forma tronco-prismática invertida con caras lisas e remate de ábaco de recto. A cruz de forma latina e paos de sección rectangular acolle á fronte unha pequena imaxe de Cristo, tallada independente sobre unha cruz recrucetada, coroado de espiñas cos seus brazos e pernas flexionados, colocado baixo un letreiro de INRI. Na parte posterior leva un pequeno relevo dun busto da Virxe María cuberta a súa cabeza cun manto. No momento de facer esta fotografía o cruzeiro perdeu a imaxe de Cristo.



O Areal/  
Ponte,  
Cabanas.



Lavandeira/  
Soaserra,  
Cabanas.



Sata Cruz  
de Salto,  
Cabanas.

San Andrés  
de Cabanas.





Nunha esplanada fronte á igrexa parroquial de Santa Cruz atópase o cruceiro de Salto, obra totalmente elaborada de formigón, con formas moi simples e practicamente desprovistas de decoración, ademais da frialdade e pouca naturalidade que acompaña a este material pouco nobre e inadecuado para este tipo de obras.

A plataforma é dun chanzo semienterrado, o amplo pedestal de forma cúbica e a columna de sección oitavada. O remate é tamén sinxelo: un capitel tronco-cuadrangular de caras lisas e unha cruz de paos oitavados con extremos levemente florenzados. Á fronte adórnase cunha minúscula imaxe metálica de Cristo.

O último dos exemplares do municipio está situado no lugar de Lavandeira, colocado nunha zona umbría e arborada á beira da estrada, dentro da parroquia de Soaserra onde aparece cuberto de carriza e líquens. A plataforma aparece enterrada sendo visible un robusto pedestal de forma prismática.

O fuste é curto e groso coas súas arestas biseladas como é habitual na zona. O capitel cuadrangular, amplo e de formas rudas e pesadas, leva molduras rectas e de bocel, coroándose cunha fea cruz de formigón espida de imaxes, que substitúe a orixinal.

### **A DISTRIBUCIÓN TERRITORIAL DOS CRUCEIROS**

Xa se indicou o abondoso número de cruceiros, entre 10000 e 15000 exemplares, que se levantan en Galicia. Desde o punto de vista da distribución xeográfica, pode dicirse que estas obras predominan na parte sur da Comunidade galega, en especial, dentro da provincia de Pontevedra e no sur da provincia coruñesa, así como tamén se nota unha maior densidade nas zonas marítimas ou cercanas á costa. Esta notoria abundancia de cruceiros nas zonas costeiras fai pensar na posibilidade do factor das relacións marítimas con outras zonas de Europa como unha das causas influíntes na xénese e expansión dos cruceiros.

Doutra banda, certos factores de carácter máis restrinxido e puntual como poden ser a abundancia de pedra de granito en determinados lugares ou zonas, a tradición no traballo desa pedra por parte dos canteiros locais, a puxanza económica das propias parroquias e, mesmo, o regreso de agradecidos emigrantes son factores que inciden, ou incidiron, nunha maior presenza do cruceiro en determinadas zonas.

Como valores indicativos, que foron tirados da recén e ampla obra *Cruceiros* na provincia da Coruña e de traballos previos do propio autor nas revistas, *Cátedra*, *Anuario Brigantino* e *Estudios Mindonienses*, preséntanse unha serie de datos estatísticos relativos a esta presenza do cruceiro en diversos municipios da comarca do Eume.

1. Valores de distribución superficial

	Extensión en km <sup>2</sup>	Cruceiros existentes	Cruceiros cada 10 km <sup>2</sup>
Ares	18	4	2,22
Cabanas	30	4	1,33
A Capela	59	4	0,68
Fene	26	8	3,08
Miño	33	8	2,42
Monfero	173	22	1,27
Mugardos	13	6	4,62
Pontedeume	29	12	4,14
Vilarmaior	30	2	0,66
<b>Total comarca</b>	<b>411</b>	<b>70</b>	<b>1,70</b>

2. Valores de distribución parroquial

	Número de parroquias	Cruceiros existentes	Cruceiros por parroquia
Ares	3	4	1,33
Cabanas	7	4	0,57
A Capela	3	4	1,33
Fene	8	8	1,00
Miño	8	8	1,00
Monfero	7	22	3,14
Mugardos	4	6	1,50
Pontedeume	8	12	1,50
Vilarmaior	6	2	0,33
<b>Total comarca</b>	<b>54</b>	<b>70</b>	<b>1,29</b>

Analizando os primeiros valores relativos á densidade territorial dos cruceiros vese que son comparables ou veñen a resultar da mesma orde que os encontrados noutros municipios da zona norte da provincia da Coruña. Por outra parte os valores de distribución espacial de cruceiros por parroquia resultan tamén comparables pero con menores taxas de desviación do valor medio que no primeiro caso.

De todas formas a distribución de cruceiros por parroquia presenta una importante correlación cos valores de densidade territorial, sendo tanto así que a maioría dos municipios estudados teñen valores comprendidos entre 1 e 2 cruceiros por parroquia. Estes datos confirman o relevante papel sacral que o cruceiro tivo para os veciños do mundo rural como continuador do espazo relixioso, o que non é de estrañar dado o carácter peculiar e de gran importancia que ata agora viña tendo a parroquia dentro da xeografía galega.

## BIBLIOGRAFIA

*As cruces de pedra na Galiza.* Alfonso Rodríguez Castelao. Akal Editor, Madrid 1975. Ediciones Nos, Buenos Aires 1950.

*Os nosos cruceiros.* Tomos I y II. José M. Laredo Verdejo. Boreal - Xuntanza Editorial. A Coruña 1993.

*Cruceiros na provincia da Coruña.* Luis Martín Ruiz. Deputación Provincial. A Coruña 1999.

*Cruceiros, cruces e petos do concello de Ponte Caldelas.* T Sánchez Cora y M Martínez Plasencia. Concello de Ponte Caldelas. Pontevedra 1990.

*Cruces e cruceiros do Noreste da provincia de Pontevedra.* Manuel Reimóndez Portela. Deputación provincial. Pontevedra 1985.

*Cruceiros, cruces e petos de ánimas no concello de Vigo.* Eugenio Rodríguez Puentes y Juan C Abad Gallego. Concellería de Cultura. Vigo 1990.

*Catálogo dos cruceiros e cruces da Terra de Viveiro.* Enrique Fernández Llano y otros. Seminario de Estudos Terra de Viveiro 1996.

*Cruceiros de Castro de Rei e Outeiro de Rei.* Fernando Arribas Arias y José Manuel Blanco Prado. Edicións do Castro. Sada 1998.

*Cruceiros de Guitiriz.* Fernando Arribas Arias y José Manuel Blanco Prado. Edicións do Castro. Sada 1999.

*Cruces e cruceiros de ánimas de Galicia*. Estanislao Fernández de la Cigoña. Asociación Galega para a Cultura e a Ecoloxía. Vigo 1996.

Gran Enciclopedia Gallega. Voz *Cruceiros*, tomo VIII. José Carlos Valle Pérez. Santiago-Gijón 1974-1978.

Revista Boletín do Centro de Estudos Melidenses. Tomo II. Museo Terra de Melide 1983. Xosé M Broz Rei. *Os cruceiros da Terra de Melide* (Melide, Santiso y Toques).

Revista Anuario Brigantino. Número 18. Betanzos 1995. Juan J Burgoa Fernández. "Los cruceros de la comarca de Betanzos". Parte I (Betanzos, Coirós, Paderne, Irixoa y Bergondo). Número 19. Betanzos 1996. Parte II (Miño, Aranga, Monfero y Vilarmaior). Número 20. Betanzos 1997. Parte III (Abegondo, Oza dos Ríos y Cesuras). Resumen final.

Cátedra, Revista Eumesa de Estudios. Número 5. Pontedeume 1998. "*Cruceiros e cruces de Pontedeume*". Juan J. Burgoa Fernández.

Abrente. Revista de la R.A. Gallega de Bellas Artes. Número 30. A Coruña 1998. "*La catalogación y protección de los cruceros. Cruceros de los municipios de Sada y Oleiros.*" Juan J. Burgoa.

Revista de Neda. Números 2 y 3. Neda 1999 y 2000. "*Los cruceros de Neda, Narón y Valdoviño (Partes I y II)*". Juan J. Burgoa.

Estudios Mindonienses. Número 16. Ferrol 2000. "*El arte religioso de corte popular. Los cruceros de los municipios de Fene, Mugardos y Ares.*"